

ACTA NÚMERO: 44/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2022.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 10 de novembro de 2022 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 4 de novembro de 2022 (Reunión 43/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Virtual Vedra Comunicación, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022062682).*
3. *Proposta de exclusión da empresa que opta a adxudicación dun contrato baseado no Acordo Marco 02/2020 do Sistema Estatal de Contratación Centralizada para a subministración de 33 estacións de traballo para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022043887).*
4. *Apertura electrónica dos sobre "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de soporte e mantemento para os equipos que forman parte da infraestrutura hiperconverxente de servidores para as bases de datos Oracle da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022055451).*
5. *Apertura electrónica do sobre "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022052888).*
6. *Apertura electrónica do sobre B correspondente á proposta avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2022052888).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento negociado sen publicidade tramitado para a subministración, instalación e programación de equipos para a mellora e aforro enerxético de diversos edificios da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022058012).*
8. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín" (Expte.- 2022045201)*
9. *Apertura electrónica dos sobres "B" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín" (Expte.- 2022045201)*
10. *Aprobación das valoracións dos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do Servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de*



acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2022039721)

11. *Apertura do sobre B correspondente aos criterios avaliábeis automaticamente do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do Servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2022039721)*
12. *Apertura electrónica do sobre A correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra-ORAL." (Expte.- 2022053659)*
13. *Apertura do Sobre B correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra-ORAL." (Expte.- 2022053659)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifiestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 4 de novembro de 2022 (Reunión 43/2022).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 4 de novembro de 2022 (Reunión 43/2022).

2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Virtual Vedra Comunicación, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022062682).*

Por Resolución Presidencial número 2022007761 de data 03/11/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa VIRTUAL VEDRA COMUNICACIÓN S.L. (B94063567), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 03/11/2022.



A empresa VIRTUAL VEDRA COMUNICACIÓN S.L. (B94063567), presentou a proposición con data 05/11/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	48.264,47 €
IVE (21 %)	10.135,53 €
Importe ofertado con IVE	58.400,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa VIRTUAL VEDRA COMUNICACIÓN S.L. (B94063567), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

3. Proposta de exclusión da empresa que opta a adxudicación dun contrato baseado no Acordo Marco 02/2020 do Sistema Estatal de Contratación Centralizada para a subministración de 33 estacións de traballo para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022043887).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial nº 2022006724 de data 22/09/2022, aprobouse o expediente de contratación para a subministración de 33 estacións de traballo para a Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 02/2020, do sistema estatal de contratación centralizada, para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo.

Así mesmo, na citada Resolución Presidencial aprobouse o documento de nova licitación (CSV: IZ0MAGRZQZ8A0BB2) que rexerá dita contratación e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 12 do acordo marco 02/2020 do sistema estatal de contratación centralizada, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que remataba ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica Vortal.

En data 23/09/2022, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Deputación de Pontevedra procedeuse a notificar as invitacións as empresas que forman parte deste acordo marco.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas en data 10/10/2022, procedeuse a desciframiento e descarga das ofertas presentadas a través da plataforma Vortal.



A empresa presentada á licitación foi a seguinte:

- Dell Computer, S.A. (CIF: A80022734)

O Secretario comenta que o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, con data 28 de outubro do 2022 remite o Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio un informe (CSV: 2RTANBRE5ROHKETH) no que deixa constancia do seguinte feito:

“Durante o prazo de presentación de ofertas detéctase un erro, no documento de segunda licitación, relativo ás características do procesador a ofertar para os equipos que puidera limitar a presentación de ofertas, por parte das empresas invitadas á dita licitación.

(...)

Aínda con esta errata nesta licitación, presentou a empresa DELL unha proposta que oferta uns procesadores de 12 núcleos, 20 threads cunha valoración igual ou superior a 31.294 puntos Passmark, tal como debería ser pero non como se solicitaba no documento de segunda licitación (aínda que fora un dato erróneo) non se pode dar por válida xa que non cumpre cos requisitos solicitados, quedando polo tanto a presente contratación deserta.”

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, de data 28 de outubro de 2022, acorda:

1. Propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa Dell Computer, S.A. (CIF: A80022734), motivado polos feitos que figuran no informe do Xefe de Servizo de Novas Tecnoloxías de data 28 de outubro de 2022.
2. Propor ao órgano de contratación que declare deserto o contrato baseado no Acordo Marco 02/2020, do sistema estatal de contratación centralizada para contratación da subministración de 33 estacións de traballo para a Deputación de Pontevedra.
4. **Apertura electrónica dos sobre “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do “Servizo de soporte e mantemento para os equipos que forman parte da infraestrutura hiperconverxente de servidores para as bases de datos Oracle da Deputación de Pontevedra”. (Expte.- 2022055451).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Economía, Facenda de Réxime Interior número 2022007296 de data 13 de outubro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a



adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do "*Servizo de soporte e mantemento para os equipos que forman parte da infraestrutura hiperconvergente de servidores para as bases de datos Oracle da Deputación de Pontevedra*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de outubro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que se detectou un erro no prego de prescricións técnicas, motivo polo que por Resolución do Deputado Delegado da área de Economía, Facenda de Réxime Interior número 2022007530 de data 24 de outubro de 2022, aprobouse un novo prego así como o reinicio do prazo para a presentación de proposicións unha vez foi publicado o mesmo con data 25 de outubro de 2022.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
 - INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L
2. Trasladar a documentación técnica descargada do sobre "A" que presentou a empresa admitida ó Servizo de Novas Tecnoloxías, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



5. Apertura electrónica do sobre “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da “Subministración de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra”. (Expte.- 2022052888).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria do día 7 de outubro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “subministro de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de outubro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación do sobre “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- DISPROIN LEVANTE, S.L. (CIF: B46589420)

6. Apertura electrónica do sobre B correspondente á proposta avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da “Subministración de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra” (Expte.- 2022052888).



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores, sendo a única empresa presentada e admitida, DISPROIN LEVANTE S.L. (B-46589420).

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados son os seguintes:

Empresas	Prezo total ofertado (sen IVE)
DISPROIN LEVANTE S.L. (B46589420)	1.236.075,31 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar esta oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación das fórmulas previstas, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

7. Apertura electrónica dos sobres “únicos”, correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento negociado sen publicidade tramitado para a subministración, instalación e programación de equipos para a mellora e aforro enerxético de diversos edificios da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022058012).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante Resolución Presidencial número 2022007543, do día 24 de outubro do 2022, aprobouse o expediente, mediante procedemento negociado sen publicidade por imperiosa urxencia, da



“Subministración, instalación e programación de equipos para a mellora e aforro enerxéticos de diversos edificios da Deputación de Pontevedra”, con dous lotes:

- Lote 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Arquivo Provincial e Palacete das Mendoza (Sede de Turismo)
- Lote 2: Servizo Central do ORAL de Pontevedra, Viveiro de empresas Lalín e Viveiro de empresas Barro-Meis

No mesmo acto, iniciouse o procedemento de negociación para adxudicar o referido contrato, dando traslado do acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, ás empresas INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ S.L. (INDELE; CIF: B36400240), TECNOSERVICIO ORENSANO S.L (CIF: B32162984), e DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRA S.L. (DEXO; CIF: B94129368), ao tempo que se lles invitou a presentar proposición, no prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se realizou o día 25 de outubro do 2022.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ao devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos, as empresas presentadas foron as seguintes:

Empresas admitidas	Lotes
INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ S.L. (INDELE; CIF: B36400240)	1, 2
TECNOSERVICIO ORENSANO S.L (CIF: B32162984)	1, 2
DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRA S.L. (DEXO; CIF: B94129368)	1, 2

Empresas non admitidas: ningunha.



Os valores ofertados foron o seguintes:

INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ S.L. (INDELE; CIF: B36400240)

Lote 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Arquivo Provincial e Palacete das Mendoza (Sede de Turismo)

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
38.561,38 €	8.097,89 €	46.659,27 €

Lote 2: Servizo Central do ORAL de Pontevedra, Viveiro de empresas Lalín e Viveiro de empresas Barro-Meis

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
16.758,49 €	3.519,28 €	20.277,77 €

TECNOSERVICIO ORENSANO S.L (CIF: B32162984),

Lote 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Arquivo Provincial e Palacete das Mendoza (Sede de Turismo)

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
39.364,74 €	8.266,60 €	47.631,34€

Lote 2: Servizo Central do ORAL de Pontevedra, Viveiro de empresas Lalín e Viveiro de empresas Barro-Meis

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
15.920,57 €	3.343,32 €	19.263,89 €

DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRA S.L. (DEXO; CIF: B94129368)



Lote 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Arquivo Provincial e Palacete das Mendoza (Sede de Turismo)

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
40.168,10 €	8.435,30 €	48.603,40 €

Lote 2: Servizo Central do ORAL de Pontevedra, Viveiro de empresas Lalín e Viveiro de empresas Barro-Meis

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
16.758,49 €	3.519,28 €	20.277,77 €

O Secretario informa que a cláusula 9 do prego administrativo establece que, de conformidade co previsto na cláusula 13.3 da parte xeral do prego, e co disposto o artigo 29.4 da Directiva 2014/24/UE, e o artigo 30.1 do *Real Decreto-lei 14/2022, de 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural*, o órgano de contratación adxudicará o contrato sobre a base das ofertas iniciais presentadas sen que medie negociación.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación acadada polas empresas é a seguinte:

Lote 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Arquivo Provincial e Palacete das Mendoza (Sede de Turismo)

	INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ S.L. (INDELE; CIF: B36400240)	TECNOSERVICIO O ORENSANO S.L (CIF: B32162984)	DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRA S.L. (DEXO; CIF: B94129368)
SOBRE ÚNICO			
1. Menor prezo total ofertado sen IVE no correspondente lote, ata un máximo de 100 puntos.	23,2	12,8	0



TOTAL PUNTUACION (Ata un máx. de 100 puntos)	23,2	12,8	0
---	-------------	-------------	----------

Lote 2: Servizo Central do ORAL de Pontevedra, Viveiro de empresas Lalín e Viveiro de empresas Barro-Meis

	INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ S.L. (INDELE; CIF: B36400240)	TECNOSERVICIO ORENSANO S.L (CIF: B32162984)	DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRA S.L. (DEXO; CIF: B94129368)
SOBRE ÚNICO			
1. Menor prezo total ofertado sen IVE no correspondente lote, ata un máximo de 100 puntos.	0	28,75	0
TOTAL PUNTUACION (Ata un máx. de 100 puntos)	0	28,75	0

A Mesa de Contratación, en base ás puntuacións acadadas polas empresas nos diferentes lotes, acorda:

- Admitir no procedemento negociado sen publicidade seguido para a contratación da “Subministración, instalación e programación de equipos para a mellora e aforro enerxéticos de diversos edificios da Deputación de Pontevedra” ás seguintes empresas:

Empresas	Lotes
INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ S.L. (INDELE; CIF: B36400240)	1, 2
TECNOSERVICIO ORENSANO S.L (CIF: B32162984)	1, 2
DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRA S.L. (DEXO; CIF: B94129368)	1, 2

- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas referidas empresas nos correspondentes lotes, que queda da seguinte forma:



Lote 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Arquivo Provincial e Palacete das Mendoza (Sede de Turismo)

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ S.L. (INDELE; CIF: B36400240)	23,20 puntos
2ª	TECNOSERVICIO ORENSANO S.L (CIF: B32162984)	12,80 puntos
3ª	DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRA S.L (DEXO; CIF: B94129368)	0,00 puntos

Lote 2: Servizo Central do ORAL de Pontevedra, Viveiro de empresas Lalín e Viveiro de empresas Barro-Meis

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	TECNOSERVICIO ORENSANO S.L (CIF: B32162984)	28,75 puntos
2ª	INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ S.L. (INDELE; CIF: B36400240)	0,00 puntos
2ª	DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRA S.L (DEXO; CIF: B94129368)	0,00 puntos

- Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adjudicación do contrato de “Subministración, instalación e programación de equipos para a mellora e aforro enerxéticos de diversos edificios da Deputación de Pontevedra”, conforme ao seguinte:

Lote 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Arquivo Provincial e Palacete das Mendoza (Sede de Turismo), a favor da empresa INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ S.L. (INDELE; CIF: B36400240), polos prezos e valores ofertados no respectivo lote, conforme ao seguinte:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
38.561,38 €	8.097,89 €	46.659,27 €

A porcentaxe de baixada ofertada respecto ao prezo total de licitación do lote (4%) aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación, resultando deste xeito os prezos unitarios ofertados.



Lote 2: Servizo Central do ORAL de Pontevedra, Viveiro de empresas Lalín e Viveiro de empresas Barro-Meis, a favor de TECNOSERVICIO ORENSANO S.L (CIF: B32162984), polos prezos e valores ofertados no respectivo lote, conforme ao seguinte:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
15.920,57 €	3.343,32 €	19.263,89 €

A porcentaxe de baixada ofertada respecto ao prezo total de licitación do lote (5%) aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación, resultando deste xeito os prezos unitarios ofertados.

8. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín" (Expte.- 2022045201).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 30 de setembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de outubro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- NAROM SL
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 4 de novembro de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:



EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	22,00	2,00	24,00
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00
HORDESCON, S.L.	16,00	2,00	18,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 4 de novembro de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín".

9. Apertura electrónica dos sobres "B" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín" (Expte.- 2022045201).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	24,00
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00
NAROM, S.L.	21,00
HORDESCON, S.L.	18,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto



simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	259.488,02 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	249.536,53 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	261.761,89 €	2%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	259.086,76 €	3%	36 MESES	SI	SI

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	10,34	5,00	5,00	5,00	25,34
NAROM, S.L.	21,98	5,00	5,00	5,00	36,98
HORDESCON, S.L.	7,41	5,00	2,50	5,00	19,91
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	10,86	5,00	5,00	5,00	25,86

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da seguridade variada e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), (Concello de Lalín)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	NAROM, S.L.	21,00	36,98	57,98
2ª	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	24,00	25,86	49,86
3ª	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	25,34	47,34
4ª	HORDESCON, S.L.	18,00	19,91	37,91



2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), (Concello de Lalín)” á empresa NAROM, S.L., por optar a maior puntuación e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	249.536,53 €
IVE (21%)	52.402,67 €
Importe Total	301.939,20 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa NAROM, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2260) acreditando a tenor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa NAROM, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.



- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 12.476,82 €

10. Aprobación das valoracións dos criterios avaliados mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do Servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2022039721).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2022007358, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado do Servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 18/10/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas presentadas e admitidas foron as seguintes:

- Internacional Perifericos y Memorias España, SLU (NIF: B-62.758.602)

A Mesa de Contratación na reunión do día 4 de novembro de 2022 procedeu á apertura dos sobres “A”, nos que aparte da documentación administrativa tamén figuraba a documentación técnica, aportada polas empresas licitantes ó procedemento convocado para a contratación do referido servizo, remitíndose a mesma ó servizo de Novas Tecnoloxías para á súa valoración.

Con data 8 de novembro de 2022 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras presentadas e admitidas que acadan o seguinte resultado:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	Internacional Perifericos y Memorias España, SLU (NIF: B-62.758.602)
Descrición detallada do Servizo, ata un máximo 23 puntos	14,00
Xestión de incidencias, ata un máximo 10 puntos:	4,00
Plan de traballo, ata un máximo 7 puntos:	5,00
Plan de calidade, ata un máximo 6 puntos	5,00
Plan de transferencia do Servizo, ata un máximo de 2 puntos.	1,50
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE A	15,50



A Mesa de Contratación en base ó informe emitido polo Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, de data 8 de novembro de 2022, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa Internacional Periféricos y Memorias España, SLU (NIF: B-62.758.602) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato.

11. Apertura do sobre B correspondente aos criterios avaliábles automaticamente do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do Servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2022039721).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada pola empresa *Internacional Periféricos y Memorias España, SLU (NIF: B-62.758.602)* na valoración técnica das ofertas presentadas para optar á adxudicación do contrato de “*Servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra*”, e que é a seguinte:

LICITADOR	PUNTUACION SOBRE “A”
Internacional Periféricos y Memorias España, SLU (NIF: B-62.758.602)	15,50

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, SLU (NIF: B-62.758.602)

1. Prezo ofertado para toda a duración do contrato:

Importe sen o IVE:	14.744,00 €
IVE (21 %):	3.096,24 €
Importe total ofertado:	17.840,24 €

2. Ampliación de acordos de nivel de servizo



TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA						
CRITICIDAD	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS		X	Non procede	Non procede	Non procede
ALTA	8 HORAS			X	Non procede	Non procede
MEDIA	24 HORAS					X

TEMPOS DE RESPOSTA PRESENCIAL PARA INCIDENCIAS						
TIPO DE INCIDENCIA	TEMPO MÁXIMO DE CHEGADA DESDE A NOTIFICACIÓN DA INCIDENCIA	1 Horas	2 Horas	4 Horas	6 Horas	8 Horas
CRÍTICA	2 HORAS		X	Non procede	Non procede	Non procede
ALTA	6 HORAS				X	Non procede
MEDIA	8 HORAS					X

As puntuacións obtidas na valoración dos criterios do sobre “B” son as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	Internacional Perifericos y Memorias España, SLU
Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 65 puntos.	11,968
Ampliación de acordos de nivel de servizo, ata un máximo de 10 puntos.	0,000
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B	11,968

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas admitidas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “*Servizo de soporte e mantemento das infraestructuras auxiliares e de acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra*”, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE “A”	SOBRE “B”	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, SLU (NIF: B-62.758.602)	11,50	11,968	27,468

- 2) Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación o procedemento aberto simplificado convocado para contratación



do “Servizo de soporte e mantemento das infraestructuras auxiliares e de acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra”, á empresa, *Internacional Perifericos y Memorias España, SLU (NIF: B-62.758.602)* que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado, e de acordo co seguinte detalle:

Prezo ofertado para toda a duración do contrato:

Importe sen o IVE:	14.744,00 €
IVE (21 %):	3.096,24 €
Importe total ofertado:	17.840,24 €

Ampliación de acordos de nivel de servizo

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA						
CRITICIDAD	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS		X	Non procede	Non procede	Non procede
ALTA	8 HORAS			X	Non procede	Non procede
MEDIA	24 HORAS					X

TEMPOS DE RESPOSTA PRESENCIAL PARA INCIDENCIAS						
TIPO DE INCIDENCIA	TEMPO MÁXIMO DE CHEGADA DESDE A NOTIFICACIÓN DA INCIDENCIA	1 Horas	2 Horas	4 Horas	6 Horas	8 Horas
CRÍTICA	2 HORAS		X	Non procede	Non procede	Non procede
ALTA	6 HORAS				X	Non procede
MEDIA	8 HORAS					X

A Mesa de Contratación comproba que a empresa *Internacional Perifericos y Memorias España, SLU (NIF: B-62.758.602)* figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, estando debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

- 3) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, *Internacional Perifericos y Memorias España, SLU (NIF: B-62.758.602)* mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 737,20 euros.
- 4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.



12. Apertura electrónica do sobre A correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra-ORAL." (Expte.- 2022053659).

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 7 de outubro de 2022 aprobouse o expediente de contratación para adxudicación, mediante procedemento aberto, dunha Asistencia técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais que teñen delegación expresa dos mesmos na Deputación de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 7 de outubro de 2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de outubro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas que concorren no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- BONA FIDE LEMA, S.L. (B- 94.119.773)
- NOROESTE LOCAL, S.L. (B- 36.555.027)



13. Apertura do Sobre B correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra-ORAL." (Expte.- 2022053659)

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria do día 7 de outubro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do "subministro de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de outubro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 10 de novembro de 2022 procedeu a apertura dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- BONA FIDE LEMA, S.L. (B- 94.119.773)
- NOROESTE LOCAL, S.L. (B- 36.555.027)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B" correspondente a documentación técnica presentada polas empresas admitidas no procedemento aberto, convocado para contratación dunha asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos concellos que teñen delegación expresa dos mesmos na Deputación de Pontevedra.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres "B" das empresas presentadas e admitidas, ao persoal técnico do ORAL, ao obxecto de que avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e quince minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

